

GUÍA PARA VISITAR o pazo de Meirás

A. C. IRVÁNIS
SUÁREZ
PICALLO



REALIZA



EDITA



AS ORIXES: SEIS SÉCULOS DE HISTORIA

O edificio primitivo naceu no século XIV, construído como fortaleza polo cabaleiro Roi de Mondego. Nos séculos, a fortaleza perdería o carácter guerreiro e sería reconvertida en pazo, en residencia da nobreza, no centro desde o que administrar as terras. Xa a comezos do século XIX, na Guerra de Independencia, o vello pazo era incendiado polos franceses como represalia á actitude hostil do seu propietario. Miguel Pardo Bazán, home liberal, reconstruíu o edificio no que veraneaba coa súa familia, asentada na Coruña. Mais retiráballes os vellos escudos, mudando de pazo a *Granxa*.

Porén, quen daría fama ao edificio sería a súa única neta. A escritora Emilia Pardo Bazán faría da Granxa a súa residencia durante boa parte do ano e o seu principal espazo de creación literaria.

AS TORRES DE DONA EMILIA

A autora de *La Tribuna* quería poder contar cunha residencia máis cómoda e cun aspecto máis señorial. Por iso construíu o edificio das Torres, con connotacións medievais, entre 1894 e 1910. Foi ela, xunto coa súa nai, quen deseñou a nova mansión e ideou os seus elementos decorativos tallados en pedra, con connotacións mitolóxicas e literarias.

A figura de Pardo Bazán, referente da narrativa realista en Europa, atraía a numerosos visitantes. Personalidades das artes, da política ou da realeza que gozaban do ambiente cortesán dos seus salóns e xardíns.



Pardo Bazán ante as Torres en cons
[Arquivo]



con Domicilio en *Plaza de*
ha entregado como abortación vol
y reconstrucción de la finca Torre
Caudillo la cantidad de *Veinti*
Sada 4 de febre
Son Ptas. *20#* *M*

Emilia Pardo Bazán
[Arquivo da RAG]



trución
da RAG]

O PAZO CON FRANCO: REPRESIÓN E ESPOLIO

En 1938, en plena Guerra Civil, as elites coruñesas decidían obsequiar a Franco co pazo de Meirás. A *Junta Pro Pazo del Caudillo* mercáballo á herdeira de Emilia Pardo Bazán e realizaba unha importante reforma. Para sufragar os gastos, realizábase unha subscrición popular con carácter obrigatorio entre a veciñanza da provincia e descontábanse porcentaxes das nóminas. A finca era ampliada coa toma forzosa das terras lindeiras e mesmo dunha casa.


O pazo era entregado a Franco en calidade de Xefe do Estado, mais el quería que fose a súa propiedade particular. Con este fin, asinouse, en 1941, unha escritura fraudulenta na que se simulaba que era el quen o mercaba. Porén, durante toda a ditadura, o Estado consideraría o pazo como a residencia oficial de verán do ditador e trataríao como unha propiedade pública. É dicir, fariase cargo da súa xestión e dos gastos que ocasionaba. O Ministerio do Exército asumiría a realización das obras de mantemento e construción de novas infraestruturas.

Entre tanto, os Franco irían enchendo a finca con elementos do patrimonio cultural galego que ordenaban trasladar a Meirás: pías bautismais románicas, escudos heráldicos, estatuas do Pórtico da Gloria, as pedras do pazo barroco de Dodro...

Por outra parte, as visitas de Franco cada verán supuñan o desprazamento do aparello do Estado a esta sorte de “capital estival”. Isto implicaba un estrito control sobre a poboación e a aplicación de medidas represivas, como os encarceramentos preventivos de persoas que no pasado militaran en organizacións de esquerda ou a obriga de participar nos recibimentos do ditador.



Vestibulo das Torres nos anos 20
[M. Chas Gayoso]



Franco no acto de entrega do pazo, en 1938 [Arquivo BNE]



UN SÍMBOLO DA IMPUNIDADE DO FRANQUISMO

Coa morte de Franco, o pazo era herdado pola súa familia, condecorada con títulos nobiliarios. No ano 1978, un incendio producido en circunstancias estrañas ocasionaba importantes danos no edificio. Permanecería en estado de abandono durante dúas décadas. Mentres, xurdía unha reivindicación popular que reclamaba a súa incorporación a patrimonio público, polo xeito en que fora custeado, mediante coaccións, porque fora entregado á Xefatura do Estado e polos investimentos públicos realizados durante a ditadura. No ano 2020 unha sentenza xudicial declaraba que o pazo de Meirás é patrimonio colectivo.

Vista aérea do pazo de Meirás en 1964 [Arquivo de Galiza]

